



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-8M1-Redeiras por un día

Redeiras por un día

Convidámoste a entrar con nós na chabola que as redeiras comparten no porto de Cedeira. Paula, Arancha, Gabriela, Elena e Neuca traballan cada día entrallando as pedreiras, empregando o escantillón para pintar as pedreiras, ou amarrando as cortizas no *corcho* (corda da rede que flota no mar). Elas fan posible que este oficio tradicional perdure, e a elas lles adicamos este espazo neste 8M dos Polos creativos.

Achega

- ▶ Corda de 8-10 mm.
- ▶ Cordel ou fío de algodón de 2 mm.
- ▶ Cortizas ou PLA.
- ▶ Agulla de redes.
- ▶ Diferentes materiais de decoración á vosa escolla.

Observa

E que mellor forma de coñecer o oficio de redeira que poñéndonos mans á obra facendo a nosa propia rede?

Imos poder facer os dous tipos de redes que fabrican as nosas novas amigas redeiras, aprender cal é a técnica para entrallar as redes, e que son os *chupitos* (como fabricalos e onde e como colocalos).

E para as mentes máis aventureiras, animámosvos ao reto de transformar esas redes en murais, bolsos, revisteiros ou calquera outro obxecto que vos propoña a vosa imaxinación.

Indaga

- ▶ Grazas ao tesón e ao alto grao de autoorganización da muller no sector pesqueiro galego, conseguíuse profesionalizar tanto o marisqueo como o oficio de redeiras, e aínda que teñen que loitar, nuns casos contra o furtivismo e noutros contra o intrusismo laboral, pouco a pouco fóronse afianzando, cobrando un maior protagonismo e representando un peso fundamental na economía familiar.

- ▶ **A muller no sector pesqueiro galego en datos.** Os datos que representan as porcentaxes de mulleres que desempeñan profesións relacionadas co mar en Galicia son:
 - ▶ Marisqueo – 85 %
 - ▶ Redeiras – 84 %
 - ▶ Traballadoras en empresas de transformación e conserveiras – 70 %
 - ▶ Acuicultura mariña – 23 %
 - ▶ Comercialización de peixe e marisco (peixeiras) – 68 %
 - ▶ Pesca – 3 %

(Datos obtidos de: <https://frescoydelmar.com/blog/el-papel-de-la-mujer-en-la-pesca-artesanal/#sthash.W3pU1lPn.dpuf>)

Atopas unha explicación ao por que destes datos? Por que o 85 % das persoas que traballan mariscando en Galicia son mulleres e en cambio só o 3 % de mulleres traballan na pesca?

- ▶ Investiga que tipos de cordas son o *corcho* e a pedreira e para que serve cada unha.
- ▶ Fai un pequeno dicionario con termos redeiros. Nel poderías incorporar palabras como, por exemplo: *escantillón*, *chupito*, *entrallar*, *pedreira*, *corcho*, *chabola*...



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

